



WINETECH ■ O proxecto europeo primará o acceso das adegas ós recursos de investigación

Galicia participa no pulo da I+D+i na produción do viño

Galicia participa xunto con outras seis rexións de España, Portugal e Francia no proxecto intereuropeo Winetech de transferencia de I+D+i a produtores e elaboradores do sector vitivinícola. Esta iniciativa, que conta con orzamento de 1,6 millóns de euros, financiados un 75% con cargo ós fondos Feder, terá duración de 30 meses. Ademais de Galicia, participarán as comunidades da Rioxa, Castela e León e A Mancha; as rexións

de Alentejo e a do Norte en Portugal e a de Languedoc-Rousillon de Francia. En declaracións ós medios antes de clausurar a presentación, o conselleiro de Medio Rural, Samuel Juárez, destacou a necesidade de que innovación e investigación "traballen de xeito moito máis coordinado e próximo" con adegueiros e viticultores, para que estes teñan "un mellor acceso a estes recursos de investigación". ● AGN